



DEFINICIÓN

Gran Dicionario Xerais da Lingua

Billarda *s.f.* 1. Estornela, xogo tradicional que consiste en darlle cun pau, palán, a outro máis pequeno para conseguir que este último salte o máis lonxe posible; birlo.

2. Estornela, pau pequeno, aguzado nas puntas, que se fai saltar no xogo do mesmo nome.

Billardeiro-a *adx. e s.* 1- Dise do xogador de billarda.

Frei Martín Sarmiento (1695-1772) di:

"Aquel juego de niños que en Castilla llaman el juego de la tala, llaman en Galicia, por lo común, de la Estornela en Pontevedra, del Lipe en Tuy, del cepo en Portugal, de la Bilharda; en Extremadura, de la billarda o Bilarda, y en el centro de Campos, de la bigarda". También cambia el nombre dependiendo de la zona no solo del juego en si sino de los elementos del juego.



ORIXES

- A orixe da billarda é remoto, confuso e difuso. Os antecedentes máis próximos encontrámoslos na Idade Media, a través do Libro de Apolonio (alrededor de 1250) e das Cantigas de Alfonso X O Sabio (s. XIII).
- Se consultamos o **TILGA** (Tesouro Informatizado da Lingua Galega) podemos comprobar que a palabra é citada en numerosas publicacións. En *Contos da aldea que parecen historias da vila e historias da vila que parecen contos de aldea* (1858) de Juan Manuel Pintos faise referencia a este xogo co nome de estornela.
- A referencia máis antiga rexistrada no TILGA do termino billarda é de 1889 no semanario publicado en Lugo *A Monteira. Seminario de intereses rexionais e literatura*.
- No primeiro dicionario de lingua portuguesa *Vocabulário português e latino* de Raphael Bluteau, aparecía recollido o concepto billarda como xogo. Os dez volumes que o compoñen foron publicados entre 1712 e 1728. Di así: derívase de Bille ou bilhe, que en inglés e alemán quere dicir pau pequeno, en lingua francesa billart, ou bilhart significa tamén o taco ou pau curto co que se xoga. Bilharda é un pauciño, afiado pola dúas puntas, co que xogan os rapaces, facéndoo saltar e batendo nel para facelo afastar do círculo trazado no chan que chaman Roda.



ASPECTOS CURRICULARES

Decreto 105/2014, 4 setembro

ANEXO II

Disciplinas específicas

Área de Educación Física

“Debemos destacar os xogos tradicionais galegos que xunto coas danzas e bailes propias de Galicia, supoñen un elemento importante de transmisión do noso patrimonio artístico e cultural ademais de fomentar as relacións interxeracionais”.

Os contidos están distribuídos en seis grandes bloques:

- Bloque 1. Contidos comúns.
- Bloque 2. O corpo: imaxe e percepción.
- Bloque 3. Habilidades motrices.
- Bloque 4. Actividades físicas artístico expresivas.
- Bloque 5. Actividade física e saúde.
- Bloque 6. Os xogos e as actividades deportivas.



ASPECTOS EDUCATIVOS

- DESENVOLVEMENTO DAS HABILIDADES MOTRICES BÁSICAS
- FAVORECER A COEDUCACIÓN apenas hai diferenza entre nenos e nenas, mozos e mozas á hora de competir, xa que ademais de forza necesítase precisión).
- DESENVOLVEMENTO DA FORZA DOS BRAZOS
- DA CAPACIDADE DE REACCIÓN (golpear antes de que caia)
- DA COORDINACIÓN (concertar elevación con golpeo e puntería)
- CONTRIBÚE Á SOCIALIZACIÓN (xogo colectivo)
- APRÉNDESE A SABER GANAR E PERDER



COMPETENCIAS CLAVE

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Art. 5. 3. ...deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

DISCIPLINAS TRONCAIS

-Ciencias da natureza.

-Ciencias sociais.

-Lingua castelá e literatura.

-Matemáticas.

-Primeira lingua estranxeira.

DISCIPLINAS ESPECÍFICAS

-Educación física.

-Relixión, ou Valores sociais e cívicos, a elección de país, nais ou das persoas que exerzan a tutoría legal.

-Educación artística.